



nota de prensa

Veciñanza consegue que a Xunta repoña os límites de velocidade a 50 km/h na PO 226 ao seu paso por Meira

Logo de dous anos pelexando por revertir unha decisión moi perigosa en materia de seguridade vial, Saleta Fernández e Santi Martínez trasladáronlle á Conselleira de Infraestruturas esta situación no mes de xaneiro. Nos últimos días foron repostos os límites a 50 km/h, tal e como estaban e como corresponde ás características da vía.

Cuntis, 5 de marzo de 2018. O 1 de xuño de 2017, Veciñanza presentaba ao pleno municipal unha moción para que o Concello de Cuntis lle esixira á Xunta de Galicia a reposición do límite de velocidade no vial PO-226 ao seu paso por Meira. É a estrada que une o noso municipio con Moraña e soporta diariamente unha importante intensidade de tráfico, e o treito ao que nos referimos presenta ademais moitas deficiencias, polo que a elevación do límite de velocidade (de 50 km/h a 70 km/h) era unha decisión absolutamente incomprendible por parte do Goberno Galego, que é o titular do vial.

O noso grupo municipal xa preguntara un ano antes por esta decisión, obtendo a resposta por parte do Señor Alcalde de que descoñecía esta decisión. Pasaban as semanas e non había resultados, nin tan sequera co gallo da visita do Delegado da Xunta Cores Tourís para facer a foto nas obras de reforzo do firme do propio vial PO-226. Unha foto na que por certo figuraba sorrinte o voceiro do Partido Popular. “Non sabemos se nese encontro os representantes de PP e PSOE lle trasladaron ao Delegado da Xunta o que votaran había só unhas semanas, pero o certo é que aquela visita non valeu para nada máis que para unha simple foto” expresaba Santi Martínez, voceiro de Veciñanza, nun dos plenos nos que se tratou este asunto. Veciñanza criticaba con dureza esta foto, na que Partido Popular e Partido Socialista se preocupaban máis pola propaganda que por unha situación tan delicada como é a seguridade vial nunha zona na que xa houbo que lamentar consecuencias fatais.

O 30 de xaneiro de 2018, Saleta Fernández e Santi Martínez, concelleira e concelleiro do Grupo Municipal de Veciñanza, **dirixíanse á Conselleira de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez, para exporlle a imperiosa necesidade de que o Goberno Galego rectificase unha decisión** que poñía en risco a seguridade vial dun treito moi sensible (registro de entrada da Xunta: 13273 RX 254714). **Afortunadamente esta intervención foi máis produtiva que as reunións e fotos tomadas en ocasións anteriores tanto polo goberno municipal como polos concelleiros/as do Partido Popular de Cuntis.** Hoxe o vial PO-226 ao seu paso por Meira presenta de novo unhas limitacións de velocidade acordes ás perigosas condicións da estrada.

